

Documento distribuído por



Dona Olga Gallego Domínguez, arquiteira: a pervivencia do seu legado no mundo profesional

M^a Dolores Pereira Oliveira

Data de publicación: 27/10/2011



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

DONA OLGA GALLEGO DOMÍNGUEZ, ARQUIVEIRA: A PERVIVENCIA DO SEU LEGADO NO MUNDO PROFESIONAL

M^a Dolores Pereira Oliveira

Presidenta ANABAD-Galicia

Directora do Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Falar do traballo de Olga Gallego no campo dos arquivos e da pervivencia e a continuidade da súa obra, supón estenderse por todos os ámbitos e todas as facetas da profesión, desde a propia organización dos sistemas de arquivos ata a descrición catalográfica dos documentos, pasando pola organización de arquivos e fondos, pola normalización, o servizo público e a investigación. O percorrido, aínda que merecente de atención e análise, excede os límites destas verbas.

Pero si podemos determinar tres liñas básicas que transcenden o seu traballo persoal e benefician directamente á totalidade de profesionais e dos arquivos, todas elas con continuidade na actualidade: A formación profesional das e dos arquivistas, a sistematización e a normalización da descrición tanto de arquivos como de fondos, e a vinculación dos arquivos cos dereitos cidadáns, a transparencia administrativa e a memoria histórica. Sobre estes tres aspectos centraremos esta intervención.

1.- Formación profesional dos Arquivistas.

Unha das grandes ocupacións e preocupacións de Olga situouse en torno á formación profesional de arquivistas e arquivistas. Nun campo que academicamente case non existía, a formación de profesionais era unha sorte de labirinto onde cada quen se “buscaba a vida” como podía, cousa da que ela, tan amante do rigor e da disciplina científica, era moi consciente. Foi, o da formación, un anhelo compartido por ela e por outras grandes figuras do mundo dos arquivos españois, como o propio Pedro López, Antonia Heredia ou Vicenta Cortés.

Puxo da súa parte todo o posible no auxilio de quen se achegaba a ela na procura de maxisterio, formando, dese xeito seu, tan xeneroso e desinteresado a quen llo demandara. A maioría, actualmente profesionais en exercicio, recoñecen, con honra, ese maxisterio; outros e outras, non tanto. Aínda así, na nosa comunidade profesional, tan pequena e tan pechada, sabemos quen é quen.

Participou como non podía ser doutro xeito, entusiasticamente, como docente no proxecto que levou adiante o Arquivo do Reino de Galicia entre 1988 e 1990 coa Escola obradoiro de arquivos que formou a grande parte de profesionais que actualmente prestamos servizo nos arquivos galegos e españois, e que supuxo para quen fomos parte do seu alumnado unha débeda de gratitude inextinguible.

Deu, neste seu afán formativo, un paso adiante no seu desexo de axudar a formar profesionais, que transcendeu o maxisterio digamos “directo” exercido sobre quen se

achegaban a ela, os e as que estaban fisicamente máis perto. Desta inqueda naceu o manual de arquivos que, coa coautoría do seu inseparable amigo e colega Pedro López, viu a luz no ano 1985: *Introducción na Arquivística*. Publicado inicialmente pola ANABAD en galego, foi reeditado en 1989 por Irargi en castelán e en euskera. Esta obra foi libro de cabeceira de para quen nos iniciabamos no mundo dos arquivos por entón, primeiro dos e das arquivistas en Galicia, e posteriormente á súa edición en castelán, para unha grande parte dos e das profesionais de arquivos do Estado.

Este manual é, podemos dicir sen lugar a dúbida, o primeiro manual español moderno de arquivos, no que se recollen conceptos tan novidosos para a época e o país como a xestión de documentos e a administración de arquivos, demostrando que, como sempre, Olga estaba tamén ao día e coñecía perfectamente as liñas evolutivas das disciplinas arquivísticas mundiais.

Beben del todos los manuais posteriores, posto que se ocupa de todos os conceptos fundamentais dos arquivos: Arquivo, documento, clases fins, medios e funcións dos arquivos, valoración e selección, transferencias, organización, descrición, servizo, difusión xestión documental e administración de arquivos. A día de hoxe non hai publicada ningunha outra obra comparable en Galicia, e poucas que a melloren en conxunto a nivel de España.

Esta liña de traballo de Olga continuase actualmente en Galicia, de xeito moi directo, por Pedro López, que desde a súa cátedra na Universidade da Coruña exerce, no seo da formación académica regrada, de profesor de arquivística para as novas fornadas de profesionais dos arquivos, mantendo vivo o camiño que con ela iniciou, e que permite a quen se achega a este mundo dos arquivos contar cun corpus teórico e práctico formativo sólido que os e as faculte axeitadamente para o exercicio da profesión.

Os e as súas alumnas participamos tamén, na medida das nosas posibilidades, na formación en materia de arquivos, tanto a través dos cursos específicos que imparte a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) como nos impartidos polo Instituto Nacional de Administraciones Públicas (INAP), ou nos impartidos pola Asociación Nacional de Arquivistas, Bibliotecarios, Museólogos e Documentalistas (ANABAD), porque dela temos aprendido que é preciso contribuír á formación de arquivistas e arquivistas.

2.- Sistematización e normalización da descrición e da organización de arquivos e fondos.

No mundo profesional dos arquivos, como, probablemente no campo de outras disciplinas que carecían de un método científico, foi durante moito tempo certísimo aquel aforismo de “cada maestrillo tiene su librillo”, que, aínda asumindo o principio de procedencia como principio básico para a organización de documentos, fondos e arquivos, permitía que cada quen fose un pouco “por libre” nos traballos de organización e descrición, dando lugar a algunhas clasificacións e descricións peculiares, e, tamén como consecuencia dos dispares criterios de presentación da información, dificultaban aos usuarios o acceso aos documentos.

Pero Olga, xunto coas grandes cabezas da arquivística española, tivo moi claro, desde sempre, que era preciso establecer unha metodoloxía de estudio científica que se puidera aplicar á organización dos fondos, e que permitise aos profesionais elaborar unha estrutura-marco rigorosa e consistente para a clasificación, tanto de fondos como

de arquivos, que á súa vez facilítase aos usuarios o acceso á información e aos documentos.

Froito deste convencemento, e do traballo científico conseguintemente levado a cabo, Olga publicou, tamén en colaboración con Pedro López, un modelo de cadro para a organización dos fondos custodiados nos arquivos histórico provinciais, en data tan temperán como 1980. Foi a obra, publicada polo Ministerio de Cultura, que se titulou *Clasificación de fondos de los archivos históricos provinciales*. Nela presentábase unha proposta de cadro único para todos estes arquivos, con fondos moi similares, que unificaba a presentación e facilitaba a comprensión e o acceso dos usuarios. Revisado en 1994 pola Comisión Técnica de Archivos Históricos de ANABAD, coordinada por Pedro López, é o cadro marco asumido pola totalidade dos profesionais españois para a representación da clasificación de fondos nos Histórico Provinciais. Foi asumido tamén pola propia xerarquía administrativa, posto que foi utilizado e difundido polo Ministerio de Cultura para todos os seus centros.

Este cadro-marco que serviu de base a todos os arquivos histórico provinciais do país, foi completado e emendado parcialmente, para engadir novos ámbitos de fondos e documentos que se incorporaban exnovo aos centros, por profesionais e arquivos, uns con rigor e éxito, outros non tanto, pero está plenamente vixente e é completamente operativo, consistente e rigoroso.

De feito, é o cadro actualmente empregado polos Arquivos Histórico Provinciais, e tan so neste presente 2011 se presentou unha nova proposta de cadro – marco para estes centros, no que, se ben Olga non participa en sentido estrito posto que xa non está, é unha proposta que a ela lle debe moito, posto que a fan dúas alumnas súas, xunto con Pedro López, coautor con ela da proposta vixente.

Non se pode pedir maior continuidade do seu legado que esta, coa que constatamos que todos os Histórico Provinciais de España lle deben os cadros de clasificación que manexan como instrumento de traballo todos os días, tanto para a organización dos fondos como para a difusión e servizo aos usuarios. Nin é pequeno logro para unha arquivista que traballou desde a periferia xeográfica do país, o tácito recoñecemento da comunidade arquivística nacional ao seu talento e método científico que supón a xeneralización do uso do cadro proposto. Nin que dicir ten que os profesionais usámolo porque é operativo e eficaz, flexible e consistente, e permite resolver os retos que van xurdindo a medida que se van incorporando novos fondos aos centros.

Hai outro aspecto, en materia de sistematización e organización de fondos que Olga abordou tamén maxistralmente: a organización de arquivos familiares e persoais. No contexto da súa ampla concepción dos arquivos como custodios de documentos tanto con valor histórico como con valor administrativo, públicos ou privados, soubo articular unha proposta de cadro de organización para estes arquivos que cristalizou no seu *Manual de Archivos familiares*, publicado en 1993, que foi asumida pola totalidade dos arquivos de Galicia, que o utilizan a cotío como ferramenta básica para a clasificación dos fondos de persoas e familias, e é referencia básica para a totalidade dos arquivos españois que custodian e organizan fondos familiares.

Non podemos deixar de facer referencia a outro aspecto organizativo que Olga abordou tamén, como non podía ser menos nunha persoa tan lúcida e capaz, nas súas preocupacións profesionais: A administración de arquivos. Foi coautora da obra *Archivo Xeral da Administración de Galicia. Proposta para a súa creación no contexto do sistema de arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia* (1990). Nel analízase a situación dos arquivos galegos, e faise unha proposta de organización dun sistema

arquivístico propio para a nosa comunidade, definindo o seu marco legal, as súas funcións, localización, edificio, instalacións, equipamento, persoal..., en fin todos os aspectos precisos para iniciar a súa posta en marcha.

A Comunidade autónoma creou e dotou recentemente o Arquivo de Galicia, situado na Cidade da Cultura, plasmando así, en parte, as propostas feitas hai máis de 20 anos, e está en curso ademais o marco lexislativo que dote á nosa comunidade dunha Lei de Arquivos, demandada polos profesionais, seguindo a estela da propia Olga, como ferramenta fundamental para o sistema de arquivos de Galicia.

3.- Vinculación dos arquivos cos dereitos cidadáns, a transparencia administrativa, o dereito de acceso dos cidadáns á información e aos documentos e a memoria histórica dos pobos.

Olga Gallego aportounos a todos unha maneira “contemporánea” de ver os arquivos, nun tempo no que aínda non era frecuente que os profesionais entendesen que os arquivos son unidades administrativas, e que non se sostén a dicotomía entre arquivos históricos e arquivos administrativos. A opinión maioritaria, hai uns anos, era que cando se facía referencia a arquivos e profesionais deste eido se estaba a falar de arquivos históricos, custodios do patrimonio documental, mentres que a faceta administrativa se obviaba, coma se non existira.

Pero ela, coa absoluta naturalidade e claridade de ideas que a caracterizou sempre, entendía, e así o manifestou reiteradamente, que, aínda que, en efecto, os centros son, innegablemente, custodios de patrimonio documental, e polo tanto han de conservar os documentos históricos, algúns moi relevantes pola súa antigüidade, formato, beleza, contido, etc., os arquivos son tamén unidades administrativas que han de atender ás administracións produtoras, conservando os documentos que estas xeran tanto para servir de antecedente para a xestión como para contribuír a garantir o principio democrático de transparencia administrativa. Na obra *Arquivos, autonomía e dereitos cidadáns*, publicada en 1978, nun recen estreado Estado Democrático, da que é coautora, a expresión da súa concepción dos arquivos é clara e contundente:

“...propugnamos que a función tradicional dos Arquivos públicos de servizo á Administración e ós investigadores quede matizada do xeito seguinte: 1. Servizo a unha Administración pública eficiente dentro dunhas estruturas democráticas e nun país libre, onde os arquivos públicos sexan abertos e axuden a unha xestión clara e transparente da Administración...””.

Vinculado a esta concepción dos arquivos como unidades administrativas vivas, operativas e transparentes atópase o dereito de acceso das e dos cidadáns á información e aos documentos que os centros custodian. A regulación do dereito de acceso en España é complexa, e está afectada pola contraposición de diversas normas que, ao ser pouco harmónicas, cando non francamente diverxentes, o converten nun difícil “campo de minas” para a cidadanía, que poden atoparse con serias dificultades para acceder á información e aos documentos.

Desde o punto de vista de Olga, o dereito de acceso é consustancial á propia existencia do Estado democrático, e polo tanto, debemos ter en conta as necesidades de usuarias e usuarios nesta materia. Unha vez máis, o sentido común e a norma da nosa mestra, que sabe sen lugar a dúbidas que os arquivos son garantes de deberes e de dereitos tanto da

administración coma dos e das cidadás, e que deben dárselle cumprida resposta a estas garantías, por suposto no marco da legalidade vixente.

E dándolle resposta ás necesidades da cidadanía, garantindo o dereito de acceso das persoas e administracións á información e aos documentos, custodiando os documentos xerados polos nosos devanceiros, estamos a contribuír, na medida das nosas posibilidades á nosa memoria histórica. ¿Ou non é a nosa memoria histórica o que reconstruía Olga cando, xunto con outros autores daba, en 1980 ao prelo a súa obra *El monte en Galicia: fuentes para su estudio*? ¿É que, acaso, cando publicaba *El Catastro del Marqués de la Ensenada en la provincia de Orense* (1985), ou *La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII* (1988), por poñer so dous exemplos, non nos estaba guiando polo noso pasado, ese que os permite entender o presente?.

Este xeito de entender os arquivos, como unidades administrativas ao servizo da transparencia, o servizo da cidadanía, o servizo da comunidade, está hoxe viva e presente no ánimo dunha moi ampla maioría de profesionais, tanto de quen fomos parte do seu alumnado coma de quen, non séndoo, comparten con ela unha visión dos centros que hoxe é habitual, e que ela tivo moi clara cando non o era tanto.

Para rematar, reafirmámonos no feito de que é evidente que Olga marcou un camiño aos arquiteiros, e aínda máis ás arquiteiras. Non imos mencionar aquí os recoñecementos institucionais aos seus méritos, xa ben sabidos, pero hai un valor engadido as súas ensinanzas para as que somos mulleres e arquiteiras: Traballo, competencia e rigor sen prestar oídos a cantos de sereas no camiño.

Lugo, Outubro de 2011.

PEREIRA OLIVEIRA, M^a Dolores: “Dona Olga Gallego Domínguez, arquiteira: a permanencia do seu legado no mundo profesional”. Relatorio presentado na xornada *Mulleres e historia. Olga Gallego Domínguez* organizada pola Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, 27 de outubro de 2011